

CONFIANZA

Asina contra a desaparición do pediatra do teu centro de saúde



O noso país dispón dun dos mellores sistemas sanitarios públicos do mundo, cunha excelente Atención Primaria. Temos médicos especialistas en Pediatría e en Medicina de Familia nos centros de saúde, accesibles a todos os cidadáns, con moi bos resultados en saúde e un alto grao de satisfacción nas enquisas dos usuarios.

Dende hai anos **faltan pediatras nos centros de saúde** e o modelo actual de asistencia infantil español está en grave perigo de extinción pola falta de previsión, planificación e deficiente uso dos recursos por parte das correspondentes administracións sanitarias. Non recoñecen o importantes que son as consultas de Pediatría para a saúde dos recentemente nados, lactantes, nenos e adolescentes sans e enfermos que atendemos a diario, así como para as súas familias.

Os pediatras levamos máis de 15 anos denunciando esta situación. **E non dan solucións eficaces.**

Esta situación agrávase debido aos recortes orzamentarios que producen condicións laborais pouco atractivas en Atención Primaria, e a consecuente migración dos novos pediatras a outros destinos.

1 de febreiro de 2018

Máis información sobre a campaña nas webs:

- Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria (AEPap): www.aepap.org
- Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e de Atención Primaria (SEPEAP): <https://sepeap.org>

A AEPap e a SEPEAP realizan esta campaña de recollida de firmas contra a desaparición do pediatra dos centros de saúde para presentalas ante as autoridades a nivel nacional. Os datos rexistrados recompílanos as Xuntas Directivas da AEPap e da SEPEAP que se comprometen a non utilíalos para ningún outro fin que non sexa o exposto e contempla a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ás persoas que participen na campaña segundo o lexislado na Lei de Protección de Datos - LOPD (Lei Orgánica 15/1999).

Asina esta petición para esixir que as administracións garantan o dereito de todos os nenos e adolescentes a ter un médico especialista en Pediatría nos centros de saúde do sistema sanitario público español

